

FRIOL

Edicto

O Pleno do Concello na sesión ordinaria celebrada o 26 de novembro de 2009, prestou aprobación provisional á desafectación como ben de uso público de tramo do camiño en Gudín de Abaixo, parroquia de Roimil, para a súa posterior desviación polo trazado proposto por don Jesús Torres Corredoira e don José María Arias Villar, según memoria técnica asinada polos enxeñeiros técnicos don Juan Carlos Casal Pena e don Miguel Angel Martínez Pérez.

O que se somete ao trámite de información pública, xunto co expediente do que trae razón, polo prazo de un mes, contado a partir do seguinte ao da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia. No devandito prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que deberán dirixirse ao Sr. Alcalde-Presidente. No caso de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Friol, a 11 de decembro de 2009.- O Alcalde. Asdo.: José Antonio Abuín Villar. Por resolución da Alcaldía de data 29/06/2007.

R. 06863

GUITIRIZ

Anuncio

A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión realizada o 4.12.2009, en uso das facultades conferidas no artigo 4 da ordenanza reguladora do prezo público por talleres culturais e outros ensinos, aprobada en sesión plenaria de 17.3.06 e publicada no BOP o 18.5.06, fixar o prezo público para participar nos cursos de informática en 10 euros ao mes.

De conformidade coa STS de 14 de abril de 2000 procédese á publicación deste acordo que entrará en vigor o día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Guitiriz, 14 de decembro de 2009.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 06903

Notificación edictal de incoación de expedientes sancionadores

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común (B.O.E. 285 de 27 de novembro de 1992), faise pública notificación da incoación dos expedientes sancionadores que se indican, instruídos polo Concello de Guitiriz, as persoas ou entidades denunciadas que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último domicilio coñecido, ésta non se puido practicar.

O órgano instructor do procedemento e a tenente de Alcalde e o órgano competente para a súa resolución a Sra. Alcaldesa, de conformidade co disposto no art. 69.2 do Real Decreto 339/1990, de 2 de marzo.

Os correspondentes expedientes obran nos Servizos Administrativos, rúa do Concello,4, ante a cal lles asiste o dereito de alegar por escrito no que na súa defensa estimen convinte, con aportación ou proposición da probas que consideren oportunas, dentro do prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP.

Transcorrido dito prazo sen que se fixera uso do dereito para formular alegacións e/ou aportar ou propoñer probas, dítaranse as oportunas Resolucións.

Lugar e forma de pagamento:

A sanción poderá facerse efectiva cunha redución do 30% sobre a contía correspondente consignada no boletín de denuncia polo axente ou no seu defecto, na notificación posterior de devandita denuncia, sempre que devandito pagamento se efectúe dentro dos 30 días naturais seguintes á presente publicación, por un dos seguintes medios:

- Mediante ingreso na conta 2091/0122/01/3110000040 de Caixa Galicia, indicando nº de expediente, nome e matrícula.
- Mediante xiro postal en correos, facendo constar nº de expediente, nome e matrícula.
- Mediante ingreso na Tesourería do Concello de Guitiriz en horario de 9 a 14 h. de luns a venres.

O abono anticipado coa redución anteriormente sinalada implicará unicamente a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa.

Relación de suxeitos a que se refire este edicto: